



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA


www.cig-ensino.gal

Outubro 2016

Concurso de Traslados

Información da Orde do 14 de outubro de 2016 (DOG do 27 de Outubro)
e as propostas defendidas pola CIG-Ensino na Mesa Sectorial

- Concurso de traslados (Ámbito estatal)
- Concurso específico ás xefaturas de orientación de primaria
- Concurso específico a prazas de educación permanente de adultos



PUBLICADO NO DOG 27 DE OUTUBRO DE 2016

**Presentación de solicitudes
DO 8 AO 28 DE NOVEMBRO, AMBOS INCLÚIDOS**

Información da Mesa Sectorial do 11 de outubro de 2016 na que se tratou o Concurso xeral de traslados publicado no DOG do 27 de outubro de 2016)

- **Concurso de Traslados (Ámbito estatal)**
- **Concurso específico ás Xefaturas de Orientación de Primaria**
- **Concurso específico a prazas de Educación Permanente de Adultos**

Datos de interese

	Prazo participación	Reclamacións e renuncias (*)	Vacantes provisionais	Vacantes definitivas
CXT	8-28 novembro	10 días naturais	Antes 15/02/17	Antes 6/04/17
Orientación		5 días hábiles		Coa convocatoria
Adultos/as		5 días naturais		Coa convocatoria

(*) Estas datas son provisionais e poden variar. Consulta as datas definitivas na convocatoria cando se publique no DOG

Novidades das convocatorias

A Consellaría abre a mesa explicando que, agás puntuacións específicas en dous apartados, a convocatoria é a mesma para os tres concursos.

No caso do Concurso Xeral de Traslados (CXT) esta é unha convocatoria estatal que se rexe polo RD 1364/2010 e a Orde marco no BOE 5/10/2016. Hai algunha discrepancia entre Galiza e o resto de territorios e o MEC en relación coa baremación de determinados apartados, en

concreto coa aplicación da Directiva europea e a puntuación dos servizos como persoal interino.

En Galiza, con independencia do ámbito do concurso, hai unha xurisprudencia que implica que deben terse en conta por igual todos os servizos, e esta é a liña que van seguir, xa iniciada en 2013-14 e referendada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG). Consideran, ademais, que non vincula ningunha deci-

sión en relación co concurso estatal, porque a directiva está por riba da Constitución española e porque os posibles recursos se resolverían no TSXG.

Isto pode presentar algún problema nalgúns participantes, nas persoas que participando en Galiza pidan prazas de fóra e viceversa, problema que están tentando resolver. Polo demais a convocatoria non ten novidade.

Propostas da CIG-ENSINO:

A CIG-Ensino remitiu un escrito para que se interviñese ante o ministerio para que a convocatoria fose unificada en todo o Estado, de acordo cos criterios firmes do TSXG aténdose á doutrina da UE. Tamén llo trasladamos ao Ministerio, que non tivo en conta a proposta. O lóxico para que non se xudicialice de novo o CXT é que resolva o territorio

que recibe. Visto que a norma básica non recolle este aspecto, e sen saber as xestións realizadas pola Administración galega, propoñemos que se adopten medidas para que non haxa discriminacións. **A Consellaría receptora debe ser a que resolva e bareme cada concursante que concurse ás prazas do seu ámbito.** Para que non se produzan discrimi-

nacións en Galiza debe aplicarse o baremo ao profesorado galego e ao que proceda de fóra de Galiza cando concursen a prazas en Galiza. Pola contra, aos galegos e galegas que concursen a prazas situadas fóra de Galiza que lles puntúen como se lle puntúa ao profesorado deses territorios. Consideramos que é a maneira de salvagardar a lexislación galega e

os dereitos do profesorado que quere moverse en todo o territorio do Estado, xa que con esta proposta, que é posíbel desde o punto de vista técnico, o profesorado non sufriría ningunha discriminación.

A Consellaría entende que neste concurso Galiza é a mellor situada, porque ten xurisprudencia do TSXG. Outras comunidades non teñen esa seguridade e noutros territorios hai OOSS presentes nesta mesa que impugnan as convocatorias porque non teñen en conta todos os servizos prestados. E quen decide é o Tribunal de cada un dos territorios. Hai a posibilidade de que exista discriminación na baremación, mais a Consellaría está traballando para que non exista. Consideran que o mellor é que exista puntuación diferenciada en función do ámbito ao que pertenza a praza: unha puntuación para as prazas de Galiza e outra para outros territorios. Están traballando nesa liña.

Respecto dunha hipotética xudicialización, a CIG-ENSINO considera que a sentenza do TSXG está ben fundamentada e é contundente. A CIG-ENSINO non ten discursos dobres. O que é criticábel é que as Administracións non se poñan de acordo para xestionalo. A nós non nos preocupa que haxa criterios diferentes, non nos preocupa a unidade de

España como aquí se defendeu. Para nós a solución é que cada territorio bareme para as súas prazas. Esta debe ser a solución e debe poderse facer por acordo. O que parece difícil é que non haxa un acordo sobre isto. Nós non imos facer demagogia con isto nin un discurso aquí e outro fóra de aquí porque é un tema importante e. A nós o que nos preocupa é que haxa un trato igual e non discriminatorio para o profesorado que opte ás mesmas prazas

En relación ás convocatorias, estamos de acordo con que os **prazos** de participación deben ser os mesmos. Mais pensamos que se deben unificar todas as datas, tamén os prazos de renuncia e reclamación. *A Consellaría di que o estudarán.*

Reclamamos que se dea un prazo para negociar as **prazas dos concursos específicos** de adultos e orientación, non se deben dar por definitivas as presentadas con estes borradores porque non foron negociadas. *A Consellaría aclara que recollerá as propostas que lle fagamos chegar. En orientación están convocando todas as que non estean cubertas en centros de 12 unidades de primaria. É certo que está pendente de definición da rede.*

Debe facilitarse a posibilidade de **opción entre os concursos**. Para

iso reclamamos que as resolucións definitivas de orientación e adultos sexan simultáneas á adxudicación provisional do CXT, e non como recollen os concursos específicos de que se se obtén praza decáese do CXT. *A Consellaría non o acepta porque di que iso pode levar a facer unha dobre adxudicación.*

Lingua

Esiximos a competencia no noso idioma en todas as materias.

Consideramos que o profesorado ten que ter competencia. Ademais, a convocatoria de adultos é aínda máis restritiva, pois, por exemplo, non recolle o relativo á FP. O profesorado non só imparte a súa materia, tamén accede a cargos directivos, sen falar da impartición de afíns, que tanto se incrementou... Por tanto, parece imprescindible pedir o coñecemento do noso idioma. É inxustificable que só se requira para algunhas materias. *A Consellaría só acepta equiparar os tres concursos e recoller no de Adultos todo o relativo á FP.*

Por outro lado, neste concurso en que se ten en conta todo tipo de meritocracia a CIG-Ensino propón que se valore como mérito a impartición de aulas en galego, tal e como recolle a convocatoria estatal para outros territorios.

Cuestión xerais para os 3 concursos:

Reclamamos que a **aplicación informática** funcione ben desde o primeiro día porque 20 días non son tantos como poden parecer.

Que o profesorado desprazado non teña que concursar se hai profesor ou profesora nacido antes de 1956 (60 anos). *A Consellaría di que o revisarán.*

Reclamamos que as **prazas plurilingües** non saian a concurso pois

son un mecanismo anormal para mellorar a colocación e adquirir unha praza definitiva.

Que se poidan pedir **500 destinos**, porque se incrementan o número de prazas que hai que pedir. Hoxe 300 xa comeza a quedar cativo.

Que non se adxudique de oficio en prazas itinerantes nin nas seccións bilingües. A colocación de oficio debería estar limitada á especialidade

pola que se opositou.

Sobre a **modificación da puntuación** hai que aclarar debidamente se se pode modificar a puntuación dun epígrafe ou a de varios, que sería o lóxico.

Concurso xeral de traslados:

Vacantes: Vacantes de 1º ciclo de ESO que se oferten ao profesorado que ten dereito a solicitálas, que cada vez é menos. *A Consellaría responde que se ofertarán as prazas se houber demanda.*

Unha vez máis esiximos unha **negociación** real de todas as vacantes. Vímolos demandando reiteradamente. Nas Xefaturas da Coruña e Pontevedra veñen conculcando o dereito a esta negociación e por tanto esiximos que se faga correctamente. Que se cubran todas as prazas catalogadas e que se negocien e se coñezan antes da adxudicación provisional, para que se poida renunciar ou non con base nunha información real. *A Consellaría responde que as prazas catalogadas deben saír a concurso, que non houbo ningunha modificación do catálogo.* A CIG-ENSINO insistiu en que isto non está sendo así.

Preocúpanos que haxa **postos de difícil desempeño** que por non figurar no catálogo o profesorado que imparte neses centros non pode acreditar esa puntuación. É unha discriminación. Urxe que se recoñeza esta puntuación. Cómpre revisar esta situación, pois nalgúns casos até poderíamos dicir que se están a crear verdadeiros guetos (caso de centros que funcionan como centros de escolarización preferente sen selo e sen ter o profesorado necesario). *A Consellaría di que verán se hai que actualizar algo.*

Que saian todas as prazas previstas até 30 de agosto. *A Consellaría di que sacarán as prazas que teñan previstas até 31 de decembro.*

Que se creen prazas de AL para Secundaria.

A Consellaría di que procurarán ter as vacantes definitivas antes do

prazo de reclamacións e renuncias.

Baremo: Habería que avanzar a respecto da consideración dos anos de servizo e reducir a meritocracia en certos aspectos: está sobredimensionada a puntuación de cargos directivos que, como mínimo, debería ser consumíbel. Mentres se manteña debe incrementarse a que ten que ver co desempeño doutros cargos (agora só 5 puntos, fronte aos 20 por cargo directivo).

Pensamos que tamén se debería dar o paso de puntuar a substitución de cargos directivos. É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto.

Debe **eliminarse** do baremo a puntuación dos **servizos á Administración** (apartado 6.4) e a condición de catedrático.

Que se recollan as datas de puntuación de baremacións e de adxudicacións provisionais e definitivas.

Que a **comisión** sexa a sorteo entre todo o profesorado de Galiza (non só co de Compostela), polo menos estendelo máis, porque senón hai moitas posibilidades de que o profesorado repita. Non entendemos que o/a presidente/a teña que ser un inspector/a e defendemos que sexa un profesor/a por sorteo.

O **apartado 6.2.** debe volver a esta comisión de baremación porque non é unha puntuación obxectiva. Que volva a esta comisión como se facía antes e senón que se expliciten cales son os criterios de baremación porque non aparecen explicitados. Canto aos proxectos de innovación que se incrementa a puntuación. *A Consellaría admite soamente que se poidan explicitar os criterios que se aplican no apartado 6.2. na circular que se publica sobre os concursos.*

Na disposición complementaria sétima faise referencia aos criterios de valoración da orde de 2010, deben ser recollidos expresamente.

Formación: que se explicita que se van ter en conta as actividades de contidos de lingua e cultura galega.

Publicacións: hai que buscar unha solución para as feitas no estranxeiro, porque se cadra non teñen Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas.

Tamén hai problemas co material do proxecto Abalar e non se lle valora a quen os elabora.

Non parece axeitado que se lle considere a puntuación de **participación nos tribunais** aos presidentes, porque son a dedo. Que se sorteen e entón si se lles pode ter en conta esa puntuación.

Titorías de mestrados: xa que se puntuán débese regular o acceso a elas nos propios centros, para que se hai varias persoas que queiran acceder a esa situación poidan ter dereito.

Apartado 3: que se recolla o nivel básico das EEOOII e o Grao elemental de música.

Funcións: recoller as coordinacións do grao elemental e responsabilidade de calidade dos conservatorios.

DEA debería ter a mesma puntuación cós mestrados, pois están equiparados.

Méritos artísticos e literarios. Considerar tamén o de Arte Dramática e Audiovisuais.

Que se computen os **mestrados** propios na Universidade pública.

Faltan as escolas de artes e oficios na complementaria cuarta.

Consideramos que é discrimina-

torio que o profesorado de linguas que impartiu nas EEOOI non se lle puntúe debidamente cando tivo que impartir obrigatoriamente.

Que os membros das comisións

sexan substituídos desde o primeiro día

Que se cree unha nova tipoloxía de centros de tres unidades para que se teña en conta a puntuación que

lles corresponde ás persoas responsables.

A Consellaría non acepta a proposta.

Concurso específico de orientación:

Agardemos que estas non sexan as **vacantes** definitivas, cómpre negocialas. De feito propoñemos que se incorporen as seguintes: Arbo, Barouta, Cambre, Maceda, CEIP Illas Cíes de Vigo. A Consellaría di que recollerán as propostas que lles fagamos chegar.

Erro na referencia legislativa na Disposición Adicional Primeira.

É preocupante que non coñecemos nin o deseño nin o mapa de orientación en Galiza, non hai xustificación para que non saian todas as prazas dos centros con 12 unidades. Todos os centros de educación primaria e de educación infantil, segundo o propio decreto de orientación, deben ter orientador/a. Continuamos a demandar que todos os centros de máis de seis unidades deben ter un orientador/a a tempo total. En 2013, a Consellaría dixo

que estaba á agarda do Decreto, xa está publicado e nada, segue sen revisarse a rede. Logo vemos que hai prazas que teñen centros adscritos e que non saen. A Consellaría só está facendo unha interpretación restritiva pois só considera unidades de Educación Primaria.

Debe esixirse o requisito de titulación. O Decreto 120/1998 obsoleto. Debe esixirse titulación de psicopedagogía, psicoloxía ou pedagogía para os que van realizar a xefatura, algo que impide o decreto e que vimos demandando. *A Consellaría responde que a titulación non se esixe porque vai polo Decreto 120, en todo caso naqueles casos, 2 ou 3, en que hai persoas que non teñen a titulación adecuada os informes es- taos facendo quen os pode asinar.*

A CIG-ENSINO denuncia que a orientación está perdendo peso

na medida en que se incrementa moito a compartición de centros. É necesaria unha nova planificación e que se dea a coñecer a rede, do contrario non sabemos se estas prazas son suficientes, de aí tamén que demandemos que se abra un prazo de negociación pois os centros están aínda coñecendo a orde e aínda están reclamando as prazas.

Desde a CIG-ENSINO reclamamos **que se elimine ou reduza a puntuación subxectiva.** Isto podería facerse neste concurso específico, en que non teñen por que manterse determinados apartados do CXT que emanan da convocatoria estatal.

Entendemos que hai apartados, como o 4, en que hai confusión porque se di expresamente funcionario de carreira. *A Consellaría aclara que foi un erro, que ten que poñer soamente persoal funcionario.*

Concurso específico de educación permanente de adultos

Pensamos que o bo sería coñecer exactamente o **cadro de persoal de adultos** para saber se as vacantes que se ofertan son as necesarias. Faceremos a mesma reclamación sobre a necesidade de dar un prazo para negociar as vacantes e que non se dean por definitivas as presentadas co borrador. A Consellaría di que recollerán as propostas que lles fagamos chegar.

Na **base 15** hai un erro que debe dicir apartado 3 e non apartado 2. A Consellaría recolle a corrección.

E na **base 4** non se entende o que se di ao inicio do punto 1. A Consellaría aclara que quere dicir que só lle asignarán praza a profesorado galego.

Desde a CIG-ENSINO reclamamos **que se elimine ou reduza a puntuación subxectiva.** Isto podería

facerse neste concurso específico, en que non teñen por que manterse determinados apartados do CXT que emanan da convocatoria estatal.

Solicitamos que se consideren tamén os servizos prestados nas aulas de educación permanente de adultos aínda que non sexan centros específicos.

Datos de interese relativos ao concurso

Profesorado de ensino secundario

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo prazas no 2016	Prazas ofertadas no 2016	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionariado en prácticas neste curso	Prazas non cubertas no último concurso
590001	Filosofía	88,2330	9	36	5	0	0
590002	Grego	Sen Adx.	0	6	1	0	0
590003	Latín	37,2974	12	1	0	0	0
590004	Lingua Castelá e Literatura	77,8996	85	0	3	56	24
590005	Xeografía e Historia	31,3742	58	24	1	44	0
590006	Matemáticas	48,9493	81	73	1	55	0
590007	Física e Química	55,8330	48	14	2	32	0
590008	Bioloxía e Xeoloxía	31,7990	39	19	3	36	0
590009	Debuxo	54,7660	12	33	4	0	0
590010	Francés	57,1658	25	50	8	0	0
590011	Inglés	62,8742	48	128	4	35	0
590012	Alemán	Sen Adx.	1	0	0	0	1
590316	Música	65,3328	6	47	9	0	0
590217	Educación Física	54,5996	28	29	6	15	0
590118	Orientación Educativa	39,5995	48	0	0	20	44
590019	Tecnoloxía	61,2658	15	60	3	0	0
590053	Lingua e Literatura Galega	60,1821	44	80	6	0	0
590061	Economía	42,1662	12	5	1	0	0
590101	Administración de Empresas	41,4369	15	12	1	0	0
590102	Análise e Química Industrial	46,2035	10	0	0	0	10
590103	Asesoría E Procesos De Imaxe Persoal	Sen Adx.	8	0	0	0	8
590105	Formación e Orientación Laboral	31,5161	21	0	1	40	19
590106	Hostalería e Turismo	48,6665	16	0	0	10	0
590107	Informática	61,4994	6	25	0	16	3
590108	Intervención Sociocomunitaria	66,4039	11	0	1	16	11
590110	Organización E Xestión Comercial	32,4328	4	0	0	0	0
590111	Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	30,4994	4	0	0	0	2
590112	Organización E Proxectos De Fabricación Mecánica	35,7324	3	0	0	0	3
590113	Organización E Proxectos Sistemas Enerxéticos	Sen Adx.	9	0	0	0	9
590115	Procesos de Produccion Agraria	81,9243	1	6	0	0	0
590116	Procesos Na Industria Alimentaria	Sen Adx.	3	0	0	0	3
590117	Procesos de Diagnóstico Clínico e Produtos Ortoprotésicos	27,1662	3	0	0	0	2
590118	Procesos Sanitarios	36,9988	10	0	0	0	7
590119	Procesos e Medios de Comunicación	52,8662	6	0	0	0	6
590120	Procesos e Produtos de Textil, Confección e Pel	Sen Adx.	4	0	0	0	4
590122	Procesos e Produtos de Artes Gráficas	Sen Adx.	2	0	0	0	2
590123	Procesos e Produtos de Madeira e Moble	Sen Adx.	2	0	0	0	2
590124	Sistemas Electrónicos	39,8244	5	3	0	0	0
590125	Sistemas Electrotécnicos E Automáticos	130,1872	7	0	1	0	0

Profesorado técnico de formación profesional

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo prazas no 2016	Prazas ofertadas no 2016	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso	Prazas non cubertas no último concurso
591201	Cociña E Pastelería	47,0830	5	0	0	12	5
591202	Equipamentos Electrónicos	58,4828	8	3	0	0	4
591203	Estética	83,3326	8	0	0	0	0
591205	Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e Fluídos	Sen Adx.	7	1	0	0	7
591206	Instalacións Electrotécnicas	38,0656	10	0	1	24	10
591208	Laboratorio	Sen Adx.	4	0	0	0	4
591209	Mantemento De Vehículos	38,4994	10	3	0	17	0
591211	Mecanizado E Mantemento De Máquinas	42,6661	8	0	0	17	8
591214	Operacións e Equipos de Elaboración de Productos Alim.	Sen Adx.	9	0	0	0	9
591216	Operación De Producción Agraria	36,5307	5	0	0	0	0
591218	Perrucaría	30,9827	6	0	0	0	6
591219	Procedementos De Diagnóstico Clínico E Ortoprotésico	161,8998	5	0	0	0	5
591220	Procedementos Sanitarios De Asistenciais	32,4327	8	0	0	0	7
591221	Procesos Comerciais	86,6164	5	0	1	0	5
591222	Procesos De Xestión Administrativa	64,4828	11	0	2	0	3
591223	Produción De Artes Gráficas	51,2326	4	0	0	0	4
591225	Servizos Á Comunidade	72,6494	19	0	0	20	19
591226	Servizos De Restauración	60,1992	3	0	0	0	0
591227	Sistemas E Aplicacións Informáticas	46,7828	11	3	0	24	6
591228	Soldadura	48,6490	1	4	0	0	0
591229	Técnicas E Procedementos De Imaxe E Son	36,4826	10	0	0	0	7

Profesorado de música e artes escénicas

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo prazas no 2016	Prazas ofertadas no 2016	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso	Prazas non cubertas no último concurso
594401	Acordeón	164,9164	2	0	0	0	2
594403	Canto	95,1286	1	0	0	0	1
594408	Fagot	40,9830	3	0	0	0	3
594414	Guitarra	40,9910	5	0	0	0	4
594423	Piano	54,8662	2	0	0	0	2
594431	Viola	48,4663	1	0	0	0	1

Profesorado de artes plásticas e deseño

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo prazas no 2016	Prazas ofertadas no 2016	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso	Prazas non cubertas no último concurso
595506	Conservación E Restauración Do Documento Gráfico	66,8825	2	0	0	0	1
595507	Debuxo Artístico e Cor	30,0076	1	0	0	0	0
595508	Debuxo Técnico	Sen Adx.	1	0	0	0	1
595510	Deseño de Moda	Sen Adx.	1	0	0	0	1
595512	Deseño Gráfico	86,3120	3	0	0	0	3
595515	Fotografía	Sen Adx.	2	0	0	0	2
595516	Historia da Arte	Sen Adx.	1	0	0	0	1
595522	Medios Informáticos	63,5906	2	0	0	0	1
595525	Volume	Sen Adx.	1	0	0	0	1

Profesorado de escolas oficiais de idiomas

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo prazas no 2016	Prazas ofertadas no 2016	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido neste curso	Funcionariado en prácticas neste curso	Prazas non cubertas no último concurso
592001	Alemán	44,0240	2	0	0	0	0
592009	Galego	Sen Adx.	3	0	0	0	3
592011	Inglés	41,1661	13	0	0	0	11
592012	Italiano	58,1664	1	0	0	0	1
592015	Portugués	33,8666	1	0	0	0	0

Mestres/as

Código	Nome	Puntuación coa que se obtivo prazas no 2016	Prazas ofertadas no 2016	Profesorado en expectativa neste curso	Funcionariado en prácticas neste curso
597023	Matemáticas	244,8166	1	0	0
597024	Lingua Castelá E Literatura	142,0496	2	0	0
597031	Educación Infantil	0,0000	206	0	187
597032	Idioma Estranxeiro:Inglés	11,4160	56	52	55
597033	Idioma Estranxeiro:Francés	27,9407	102	0	23
597034	Educación Física	0,0000	80	0	40
597035	Música	0,0000	79	0	36
597036	Educ.Especial: Pedagogía Terapéutica	31,4157	40	93	57
597037	Educ.Especial:Audición E Linguaxe	32,3324	37	118	57
597038	Primaria	32,8825	536	144	41
597060	Educación Especial:Pedagogía Terapéutica	31,7160	21	0	0

Mestres/as en expectativa por ano de oposición

		2008	2009	2010	2011	2013	2015	Total
597031	Educación Infantil	0	0	0	0	0	0	0
597032	Inglés	0	0	0	0	2	50	52
597033	Francés	0	0	0	0	0	0	0
597034	Educación Física	0	0	0	0	0	0	0
597035	Música	0	0	0	0	0	0	0
597036	Pedagogía Terapéutica	0	2	9	0	33	49	93
597037	Audición e Linguaxe	0	1	19	0	44	54	118
597038	Primaria	1	2	53	61	0	28	144

Lembra que...

- O feito de cubrir a instancia a través da internet non exige da obrigatoriedade de presentala por escrito.
- As solicitudes do concurso poden presentarse nas secretarías dos centros.
- As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva.

Mestres/as desprazados/as, suprimidos/as e reingresados/as

Procedentes do extranxeiro	1
Desprazados/as	7
Suprimidos/as	144
Total	152

Profesorado en expectativa por ano de oposición

Código	Especialidade	Anteriores	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2014	Total
590001	Filosofía			13	23					36
590002	Grego			1	5					6
590003	Latín						1			1
590005	Xeografía e Historia				2				22	24
590006	Matemáticas	1	1	8	39				24	73
590007	Física e Química		1	1	12					14
590008	Bioloxía e Xeoloxía								19	19
590009	Debuxo	4		6	23					33
590010	Francés	2		2	46					50
590011	Inglés	1	4	10	53		45		15	128
590016	Música	4		9	34					47
590017	Educación Física	3		3	23					29
590019	Tecnoloxía	1		1	29		29			60
590053	Lingua e Literatura Galega	3	4	22	51					80
590061	Economía				1		4			5
590101	Administración de Empresas						1		11	12
590104	Construcións Cívicas e Edificación						2			2
590107	Informática			8	9		8			25
590115	Procesos de Producción Agraria	1		1	4					6
590124	Sistemas Electrónicos				1		2			3
591202	Equipamentos Electrónicos				3					3
591204	Fabricación e Instalación De Carpintería	3		3			3			9
591205	Instalacións e Mantemento de Equipos T. F.	1								1
591209	Mantemento de Vehículos						3			3
591212	Oficina de Proxectos De Construción						1			1
591227	Sistemas e Aplicacións Informáticas						3			3
591228	Soldadura				4					4
594410	Fruta Travesa				1					1
594412	Fundamentos de Composición			1				1		2
594416	Historia da Música	1		1						2
594422	Percusión						1			1
594428	Trompeta					1				1

Baremo a aplicar no

1. Antigüidade

1.1. Antigüidade no centro

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
1.1.1. Permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro	
Primeiro e segundo anos	2 puntos/ano
Terceiro ano	4 puntos
Cuarto ano e seguintes	6 puntos/ano
1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade	2 puntos
1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro de especial dificultade	2 puntos

1.2. Antigüidade no corpo

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
1.2.1. Servizos efectivos como persoal funcionario no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante	2 puntos/ano
1.2.2. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes do mesmo ou superior subgrupo	1,5 puntos/ano
1.2.3. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes de subgrupo inferior	0,75 puntos/ano

2. Pertenza aos corpos de catedráticos/as

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
Por ser funcionario/a de carreira dos corpos de catedráticos de secundaria, música e artes escénicas, escolas oficiais de idiomas e artes plásticas e deseño	5 puntos

3. Méritos académicos (max. 10 puntos)

3.1. Doutoramento, posgraos e premios e extraordinarios

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
3.1.1. Título de doutor	5 puntos
3.1.2. Título universitario oficial de máster distinto do requerido para o ingreso na función pública (polo menos 60 créditos)	3 puntos
3.1.3. Suficiencia investigadora ou diploma de estudos avanzados	2 puntos
3.1.4. Premio extraordinario de doutoramento, licenciatura ou grao, ou no caso das titulacións dos conservatorios, mención honorífica no grao superior	1 punto

3.2. Outras titulacións universitarias

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
3.2.1. Titulacións de grao	5 puntos
3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo	3 puntos
3.2.3. Titulacións de segundo ciclo	3 puntos

3.3. Titulacións de ensinanza de réxime especial e da FP

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa	4 puntos
Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa	3 puntos
Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa	2 puntos
Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa	1 punto
Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de FP	2 puntos
Por cada título profesional de música e danza	1,5 puntos

4. Cargos directivos e outras funcións (max. 20 puntos)

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
4.1. Director/a	4 puntos /ano
4.2. Vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a	2,5 puntos/ano
4.3. Outras funcións docentes	(ata 5 puntos)
Por cada ano como coordinador/a de ciclo, do proxecto Abalar, de centro pluriilingüe, de sección bilingüe, de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, das dinamizacións das TIC, de biblioteca, da convivencia escolar, da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE. As fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	1 punto/ano

5. Formación e perfeccionamento (max. 10 puntos)

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
5.1. Actividades de formación superadas	Ata 6 puntos
Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertenza o/a participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as administrativas educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	
5.2. Impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas no 5.1.	Ata 3 puntos
Puntuarase con 0,1 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	
5.3. Por cada especialidade da que se sexa titular do corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso no mesmo	1 punto

Concurso de Traslados

6. Outros méritos (máx. 15 puntos)

6.1. Publicacións (até 8 puntos)

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, de 2 de novembro modificado polo Real Decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, no seu caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en as que o autor sexa o editor das mesmas.

Para a valoración destas publicacións deberánse presentar os documentos justificativos coas esixencias indicadas na convocatoria.

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	Ata 8 puntos
Autor	Ata 1 pto
Coautor	Ata 0.5 ptos
3 autores	Ata 0.4 ptos
4 autores	Ata 0.3 ptos
5 autores	Ata 0.2 ptos
Máis de 5 autores	Ata 0.1 ptos
b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	Ata 0.2 ptos
Coautor	Ata 0.1 ptos
3 ou máis autores	Ata 0.05 ptos
<p>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</p> <p>- No caso de libros, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas. * Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión dos mesmos foi en librerías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesorado, institucións culturais, etc.)</p> <p>Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>- No caso de revistas, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas * Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.)</p> <p>- No caso de documentos en formato electrónico, para seren valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indícanse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e depósito legal.</p>	

6.7. Para prazas de Navarra, País Vasco, Valencia Baleares o Cataluña

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Exclusivamente para prazas situadas na Comunidade Foral de Navarra, no País Vasco, en Valencia, en Baleares ou en Cataluña	Máximo 5 puntos

6.2. Premios en investigación ou innovación (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación, ou pola participación nestes proxectos.	Ata 2,5 puntos
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	
A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola administración educativa correspondente.	

6.3. Méritos artísticos e literarios (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Ata 2,5	
- Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional.	No caso dos premios: certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome do premiado/as, en ámbito do mesmo e a categoría do premio.
- Por composicións estreadas como autor ou gravacións con depósito legal.	No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor/ar e o seu depósito legal.
- Concertos como director, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...)	No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor/a ou intérprete e o seu depósito legal.
- Por exposicións individuais ou colectivas.	No caso dos concertos: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director, solista ou solista con orquestra/grupo.

6.4. Postos administración educativa

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Por cada ano de servizo desempeñado postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa. (A fracción de ano computarase 0,12 por mes)	1,5 puntos

6.5. Membros de tribunais

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Membro de tribunal dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE.	0,25 puntos/ano

6.6. Titorización de alumnos

SUBPARTADO	PUNTAJACIÓN
Titoría das prácticas do título universitario oficial de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titoría das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran.	0,1 puntos/ano

Concurso de adultos

7. Méritos específicos

SUBAPARTADO	PUNTUACIÓN
7.7. Por cada curso superado que teña por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos da educación permanente de adultos.	0, 20 puntos pro cada 10 horas DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA Fotocopia compulsada do certificado destas pola entidade organizadora no cal conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais, acreditar de maneira que faga fe o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa
7.2. Por cada ano de experiencia na ensinanza de adultos en centros específicos de EPA, INGABAD, CEGBAD e as súas extensións.	4 puntos por ano DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que teña desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.

Concurso de orientación

7. Outros méritos relacionados co posto:

SUBAPARTADO	PUNTUACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
7.1. Por ter a habilitación/especialización en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe	2 puntos por especialidade Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos
7.2 Coordinación de departamentos de orientación nun centro	2 puntos por ano As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos
7.3. Por cada ano de servizo na especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe	1 punto por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo Nomeamento e cesamento correspondente
7.4 Anos de servizo activo nos EPSA ou nos EOE ou no Gabinete Psicopedagóxico da Consellería	2 puntos por ano As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo Nomeamento e cesamento correspondente

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358750
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com